

LOCALIZACIÓN	A Arrotea, Amorín, Tomiño, Pontevedra
CÓDIGO DO ARQUIVO	H 1950 36054 01
DATA DA GRAVACIÓN	09/07/2025
DURACIÓN	52:38
INFORMANTE	Home, 75

ENTREVISTADOR: pois nada abuelo | vou falar contigo sobre como era a vida aquí | e::n Amo# | en Arrotea en Amorín || {<dúbida> e::} cando pois ti eras antes eras mozo e tal || e cales eran os costumes que: | que había aquí || (INH) e todo o que no# o que contes vai ser súper interesante || {<dúbida> e::} para empezar pois podes dicir+nos como se# | {<dúbida> e:} se chama este lugar || este lugar se chama Amorín | do barrio da Arrotea ||

ENTREVISTADOR: ¿e ti naceches aquí ? ||

INFORMANTE: eu | si nacín aquí na Arrotea ||

ENTREVISTADOR: ¿e teus pais? ||

INFORMANTE: e meus pais | un naceu no barrio de Outeiro | e miña nai no barrio de Arro# | de Arrotea | Arrotea ||

ENTREVISTADOR: ¿e viviches sempre aquí? ||

INFORMANTE: eu <0.6> | practicamente sempre | anduven por fóra e tal pero <0.8> | practicamente estuven sempre aquí en Amorín ||

ENTREVISTADOR: ¿e había moita xente vivindo aquí? | ¿ou:? || [si] ||

INFORMANTE: bueno naque# | hai tempo ¿non? | [fa]lando <1.0> | poucas casas había agora aumentou isto un# unha barbaridá ||

ENTREVISTADOR: (EXH) ||

INFORMANTE: pero antes éramos | éramos todos conocidos | axudába+mos unhos ós outros <0.4> | nas labores da: <0.6> | da: <0.7> | do campo e e así continuo ||

ENTREVISTADOR: porque Amorí# entón aquí Arrotea creceu muito ||

INFORMANTE: Arrotea si | creceu o: o triple | triple ou cuatuple ou [algo] ||

ENTREVISTADOR: [(EXH)] ||

INFORMANTE: xa: bueno había: <0.6> | que eu acorde serían pa aí dez casas ou: doce <1.3> | antigamente ¿no? | cando eu era: era crío ||

ENTREVISTADOR: [(EXH)] ||

INFORMANTE: pero agora hai: corenta [ou:] | agora hai dua# duascentas po-lo menos ou así unha cousa <1.5> | era: creceu muito ||

ENTREVISTADOR: ¿e como lem#? ¿como re# lembrás ti a vida aquí cando eras neno? ||

INFORMANTE: bueno a vida era: <0.7> | a vida do campo <0.4> | cando era neno pois <0.4> | era todo os camiños | non había nada asfaltado | era todo un ca# estreitiños || que cuando chovía <0.4> | (INH) había que andar a subir+se pa un lado e pa outro pa poder esquivar a agu# os charcos da agua || e:: <0.4> | e así pois {<dúbida> e:} | de rapaz pois a: <0.7> | a divertir+nos xogábamos o: <0.5> | á pincha | ó marro <0.5> | a: <1.2> | a pés quietos e así a cousas... ||

ENTREVISTADOR: ¿e que# como era ese xogo? ese non+o conozo ||

INFORMANTE: a pés quietos é tocábas+lle e quieto <1.2> | e# se o agarrabas claro | andabas a correr detrás deles e o agarrabas e dicías+lle quieto | e era# chamában+lle pies quietos || despois á pincha <1.4> | xogábamos tamén <1.0> | á: acollida <1.5> | e a: <1.2> | ó marro || o marro eran practicamente de rapaces | as mulleres xogaban ó: a outra cousa a: <0.7> | o sea que as mulleres practicamente naquela non se xuntaban cos rapaces ||

ENTREVISTADOR: (EXH) ||

INFORMANTE: as mulleres xogaban á parte <0.4> | xa na escola nos dividían tamén (risas) | {(risas) xa as mulleres} estaban á parte e os homes ó lado | ó outro lado || e antón {<dúbida> e:} | as mulleres xogaban a: <0.7> | ó truco | así cousas que enseñaban antes ||

ENTREVISTADOR: ¿o truco que o da#? ¿tira-la pedra? | [truco] ||

INFORMANTE: si: | tiraban o truco | chamában+lle o truco ||

ENTREVISTADOR: ¿e como eran as casas nas que vivía a xen# hab# a xente? | ¿tiña as comodidades que hai agora?

INFORMANTE: no: <0.5> | as casas eran <0.8> | eran moitas sin luz <0.8> | poucas había que tiñamo# tiñan luz || e á parte que {<dúbida> e} | practicamente | a: <0.5> | a cociña era terreña ||

ENTREVISTADOR: [(EXH)] ||

INFORMANTE: tiña a súa lareira <1.7> | e despois no inverno pa quentar+se facía+se unha fogueiriña no chan <0.4> | [e entón] quentámo+nos todos alí arredor || todo o: o matrimonio cos fillos | que estaban todos alí arredor da: da lareira || {<asentimento> hum} || da lareira non | no chan | se facía a fogueira <1.1> | no inverno | eso era era no inverno || e despois as salas de:: <1.0> | de dormir | eran | forradas | con madeira || eran forradas con madeira <1.3> | eran as salas de durmir | e había unha sala de:: <0.9> | de de visitas | unha sala pequeniña ||

ENTREVISTADOR: [sin ventanas] ||

INFORMANTE: e despois uns cuartiños tamén pequeniños que: | moitos sin luz <1.0> | eran eran {<dúbida> a:} cegos | sen luz [ou:] | sin ventanas || o único que tiña ventanas | era a saliña de estar <0.6> | o resto era {<incerto> esto} sin ventanas || eu acordo: na casa que vivimos a: | alá na <2.1> | na: na de miña tía <1.5> | ela <incomprensible> era sin ventanas || e despois a casa que que# que se comprou pois tamén {<dúbida> e:} <0.9> | solo había: | dúas ventanas <1.6> | o resto era todo sin ventanas ||

ENTREVISTADOR: ¿e había cuarto de baño? || (risas) ||

INFORMANTE: e sin cuarto de baño <0.9> | cuarto de baño había que ir a fóra | (risas) ||

ENTREVISTADOR: (INH) (risas) || ¿como faciandes pó cuarto de baño? ||

INFORMANTE: o cuarto de baño era fóra na:: <1.4> | ó mellor se o: | facía+se un:ha garita pequena e ¡ala! un cuarto de baño aí ||

ENTREVISTADOR: (EXH) ||

INFORMANTE: cuarto de baño non | pa ir a facer as necesidades <0.4> | cuarto de baño: era unha palangana <0.9> | ou unha tina | e lavábas+te alí <0.9> | era o que había ||

ENTREVISTADOR: ¿e a escola como era a escola cando ti eras pequeno? ||

INFORMANTE: eu | cando fun á escola é como é agora practicamente ||

ENTREVISTADOR: ¿a de aquí? ||

INFORMANTE: a de aquí | si era era a mesma escola <0.5> | pasa que cando fomos tiñamos seis anos <0.5> | xa eu corría | [como unha centella] ||

ENTREVISTADOR: [(risas)] ||

INFORMANTE: era a primeira escola que nos daba ||

ENTREVISTADOR: ¿e ían moitos rapaces? ||

INFORMANTE: bastantes | aínda había <1.3> | porque viñan os de Carregal | e: e de aquí || pero había bastantes porque a: | aunque eramos poucos as familias eran moi numerosas | eran de cinco para arriba || entón había moitos rapaces e:: e te# eran <0.5> | había os de: <0.7> | os de primeiro segundo terceiro hasta o: hasta o cuarto || {<dúbida> a:} todos xuntos <0.8> | eran os maiores a un lado os: que empezaban a outro | e era un profesor solo pa todos ||

ENTREVISTADOR: ¿cantos podíades ser na clase? <0.6> | ¿cantos erades alá? ||

INFORMANTE: non sei pero po-lo menos <1.7> | sobre vinte <1.7> | por aí ||

ENTREVISTADOR: nenos ¿e logo as [nenas]? ||

INFORMANTE: [nenos] e as nenas á parte | nenas outras tantas | o sea que había: | había nenos e nenas <incomprensible> | o sea que había algunhas xa eran rapacitas que: || había algunhas que xa tiñan catorce anos ou así | hasta os catorce ou quince <0.8> | que cando: se marchaban ó chegar ós quince anos <0.8> | todo dios buscaba <incomprensible> (risas) ||

ENTREVISTADOR: (risas) ¿e como era o trato cos cos maestros? || [(risas)] ||

INFORMANTE: bueno o trato <1.1> | era: <1.0> | tiña practicamente unha vara (risas) <0.8> | era disciplina de vara || (risas) o que se movía levaba un pau <incomprensible> (risas) | ou unha vara nos dedos | poñían+che así os dedos e dában+che así unha# nos dedos || ou tirában+che unha ourella | ou che daban a veces unha bofetada tamén | a veces botaba a man | e {<onomatopea> cataplún} ||

ENTREVISTADOR: e apa[ñabas] || (risas) ||

INFORMANTE: [e] | claro | {(risas) levabas unha} bofetada que te cagabas na puñeta <1.8> | era a leche ||

ENTREVISTADOR: ¿entón o trato era así un pouco: ||

INFORMANTE: era bruto <0.6> | tamén-os rapaces tamén {<valoración> puf} | nós eramos tamén {<dúbida> e;} <1.5> | eu que sei <0.6> | máis REBELDES | máis: || o:s | os nosos pais andaban a traballar no campo e nós todo día na clase <0.8> | e o que tiñas ó chegar á case é colle-las ovellas ou as vacas | e leva+las a pastar <1.0> | e o meu pai e a miña nai pois estaban no campo a traballar || mentres éramos pequenos se que fôramos xa crescendo de de de doce anos ou dez de dez pa arriba | xa había que ir ó campo tamén <0.5> | xa había que axudar no campo || e {<incerto> veu} así | <incomprensible> moitas cousas ||

ENTREVISTADOR: (EXH) | ¿e: vós os irmáns estudia# puidestes ir á escuela todos? ¿fostes todos á escue[la]? ||

INFORMANTE: [si] fumos todos | todos á escuela eu: fun o último <0.9> | e todos tiveron escuela <0.7> | todos || había pouco# había días que non ía pero bueno <0.9> | practicamente nós como viviamos alí cerca da escuela iamos sempre á escuela ||

ENTREVISTADOR: ¿e falába+se gallego na escuela? || (EXH) ||

INFORMANTE: no (EXH) <1.0> | na escuela era castellano <0.5> | (risas) ||

ENTREVISTADOR: non vos quedaba outra || (EXH) ||

INFORMANTE: non quedaba outra | e:: había: profesores un po# un profesor | que antes de entrar había que cantarlle o cara al sol <1.5> (risas) | antes de entrar na | na clase ||

ENTREVISTADOR: ¿e nas familias? | ¿na familia que falabades? ||

INFORMANTE: galego | nas familias falaba galego ||

ENTREVISTADOR: claro entón | aquí falába+se muito galego | aquí en Amo[rín] ||

INFORMANTE: [si] si | aquí practicamente: <0.4> | nas familias era todo galego | non era: <0.6> | o únicos que eran castellanos eran os de Tui ||

ENTREVISTADOR: [(risas)] ||

INFORMANTE: aqueles falaban castellano | pero os de aquí da aldea era era galego ||

ENTREVISTADOR: (EXH) <1.5> | {<dúbida nasal> e::m} | ¿a ti gústa+che o gallego que se fala aquí? ||

INFORMANTE: bueno <0.5> | é como outro | calquera <0.5> | hai outros galegos <0.7> | aquí se# máis ben somo# un galego (INH) <0.5> | xa arra# ar# arrisgado a portugués ||

ENTREVISTADOR: (risas) ||

INFORMANTE: & que moitas palabras entran en portugués <1.0> | eu acórdo+me miña nai <0.7> | que ó mellor púña+se a contar e dicía <0.5> | ou os días da semana ¿non? || lunes | martes | miércoles | cuarta e quinta <1.0> | e o que che dicía era (risas) | se mandaba dúas# dúas# o jueves {(risas) e o viernes | era en portugués} ||

ENTREVISTADOR: como en portugués ||

INFORMANTE: si ||

ENTREVISTADOR: ¿e o doutros sitios de Galicia gúscha+che# | gústa+che tamén? ||

INFORMANTE: bueno | todos teñen o:: | os galegos <0.5> | somos <0.5> | eu que sei é outra: os de Ourense e por aí pois <0.5> | teñen outra: outra maneira de falar que que nós aquí || nós aquí falamos | outro galego que non alá os de Ourense e de Lugo <1.0> | teñen máis | outra# outras cou# ||

ENTREVISTADOR: (risas) ||

INFORMANTE: (INH) será un galego máis <1.5> | non sei <0.7> | máis profundo <0.7> | o deles ||

ENTREVISTADOR: (EXH) ||

INFORMANTE: o noso é máis {<dúbida> e} eu penso que o noso é máis liberal <0.6> | porque ten | metemos no medio algo de portugués || é ||

ENTREVISTADOR: algunhas palabras que <0.4> | dicímos+las igual || {<dúbida nasal> e::m} <0.4> | ¿aquí:: na túa familia houbo alguén que emigrase? ||

INFORMANTE: eu <0.6> | {(risas) eu fun un} ||

ENTREVISTADOR: (risas) foches bueno non foses o único ||

INFORMANTE: fun non | foi a miña irmán a Fina tamén | e a miña irmá Carme tamén <0.9> | o único que non emigrou foi o: Santiago ||

ENTREVISTADOR: ¿e ti | que tal foi a túa experiencia? || (EXH) ||

INFORMANTE: eu <0.4> | mala (EXH) | na emigración <0.4> | botei ano e medio e xa me vin pa acá ||

ENTREVISTADOR: (EXH) ||

INFORMANTE: eu en A: | era en Alemania e en Alemania <0.8> | o: o idioma é moi malo de aprender || porque amais iamos sin: practicamente nada <0.7> | e chegar alá sin saber nada a veces pasa+la as de San Quintín pa ir a comprar || e ías a comprar e <0.6> | non sabía-las cousas tiñas que lle ir ensinar ó: chamar+lle ó dueño e ensinar+lle isto <1.6> | cousas | máis ||

ENTREVISTADOR: non lle gustou ||

INFORMANTE: eu o o a emigración non me gus# non me foi mui ben <0.9> | e non me gustou ||

ENTREVISTADOR: ¿e solo po-lo idioma ou:? ||

INFORMANTE: {<asentimento> hum} <0.8> | principalmente po-lo idioma <1.4> | o idioma | e despois eles teñen outra cultura que non tiñamos nós || eles teñen outra cultura de: <0.4> | non sei eles: <1.0> | por exemplo po-lo: fin de semana: <0.8> | sá# o viernes salían a bailar || e:: coas coas mulleres e: con todos alí <incomprensible> | ían a un bar | cerraban o bar a partir de doce da noite cerraban o bar e alí se divertían toda a noite ||

ENTREVISTADOR: (risas) ||

INFORMANTE: hasta que apañaban unha castaña grandísima (risas) | collía despois a muller ó lombo e levába+a para a casa e ó carajo (risas) || porque a muller tamén apañaba (risas) <0.9> | e collían os dous <0.5> | era aquilo era bestial (risas) ||

ENTREVISTADOR: (risas) ||

INFORMANTE: e era o o o único día que se divertían | porque po-la semana | alí eu non miraba | todos a traballar viñan da casa | viñan do traballo e pa casa e: e da casa pa o traballo || toda a semana <0.4> | e o fin de semana | era o: viernes <1.0> | e o sábado | divertían+se || e o domingo <0.5> | xa descansaban pa o outro día estar listos | pa o traballo || {<incerto> é:} <1.0> | era outra: | outra cultura que non é a nosa ||

ENTREVISTADOR: no é que ti fuches pa Alemania pero bueno | ¿aquí a xente pa onde iba? ||

INFORMANTE: eu | na miña edá era todo Alemania Holanda e Francia ||

ENTREVISTADOR: (EXH) ||

INFORMANTE: eran a:s e Bélxica algúns para Bélxica pero máis ben era <0.4> | Alemaña e Francia || Bélxica algúns ían pero poucos | e pa Suíza tamén ían bastantes || eran as únicas zonas que se emigraban || en Suíza tiñan a: unha: zonas <1.2> | falan: tres ou catro idiomas porque son entran o francés <0.4> | entra o alemán | e o italiano||

ENTREVISTADOR: (EXH) ||

INFORMANTE: o que collía na zona italiana | aínda se salvaban que o italiano po-lo menos <0.7> | aínda (risas) | cólle+lo algo || porque eu | traballei con italianos e tamén e collías algo | ós italianos collían nada pero <0.6> | os os o: os || ós alemáns | mi madre | aquilo cando se cabreaban non non lle entendías nin papa [(risas)] ||

ENTREVISTADOR: (EXH) | [(risas)] || ¿e aquí: que tal era a relación entre os veciños aquí en Amorín? ||

INFORMANTE: aquí eu acordo que sempre foi mui boa <0.6> | era unha relación na# naquela agora cambiou muito || pero naquela era unha relación que vivías coas familias todas <0.6> | era# éramos algo distantes || pero <0.6> | si se ía a: esfollo-lo millo <0.9> | collías "hoxe vamos pa tal fulano" || ías e collías o millo | la# traías o millo <0.6> | e: esfollabas e xa de# quedába+che o: o millo preparado | mañán pa outro | pasado pa outro || éramos así todos | e pa sacar patatas e pa todos <incomprensible> <0.6> | se facía todo: | o único que era <0.5> | é pa o: millo || o millo cando: cando: | mentes {<dúbida> e} criaba e tal (INH) | entón tiñas que cuida+lo ti <0.8> || pero do resto de ir a colle+lo e así e a toda# todas as familias aí "vén+me axudar" <incomprensible> e viña+che veña || e: "mañán vou pa ti | pasado vén pa o outro" e así era como se collían a todas as cousas || levában+se ó mellor dous ou tres carros porque era o que había (risas) carros <0.5> | cargában+se os carros e veña || uns pa trar pa arriba | se descargaba <0.6> | o outro xa baixaba pa abaixo a coller outro | xa viña outro da volta || e así hasta todo todo o día | e despois á noite entón xuntába+se esfollába+se cantábanse <incomprensible> || pa# era unha a esfollada era tamén linda | porque se cantaba e bebía+se (risas) ||

ENTREVISTADOR: (risas) ||

INFORMANTE: e:: <0.4> | e te# collía# taba o sea había <0.7> | se servía pan | pa beber viño ||

ENTREVISTADOR: (EXH) | (EXH) ||

INFORMANTE: e veña cantar | e veña a: a rir aquilo era unha unha festa | era un# de noite eran unhas festas e | <incomprensible> unhas cantarolas que nin diez (risas) ||

ENTREVISTADOR: ¿entón axudaba# axudabáde+vós# | axudabádes+vós as familias? ||

INFORMANTE: si si <0.4> | muito <0.4> | ante# ante antigamente muito se axudaba | uns ós outros || e amais <0.5> | había unha enfermidade ou algo que te ocorría ó mellor cunha enfermidade e ti non te preocupabas que a cosecha | facían+cha igual || e a xente viña <0.4> | os todos os veciños viñan e veña a facer+lle a cosecha o: (INH) <0.4> | a fulanito que que está enfermo || e veña e viñan+che e xa cando te descuidabas xa tiña-la cosecha na casa ||

ENTREVISTADOR: {<incerto> entón} había moita colaboración || & {<dúbida> e::} | había:: <0.6> | ¿como facíades | cando tiñades que ir ó ó médico? ||

INFORMANTE: ó médico {<valoración> bu} <0.4> | o médico a veces viña: <1.2> | viña: facía consultas po-lo: <0.8> | po-los pueblos || tiña unha zona | unha casa <0.5> | e "o: médico vén a consultar a tal casa" <0.8> | e ías alí e facía+che a consulta | senón tiñas que ir a pé a Tomiño || eu | acódo+me indo a pé a Tomiño a: <0.7> | a ir a:: | ó médico || e: senón | se éramos pequenos ou tal pois <0.5> | mandábas+lle recado po-lo po-lo leiteiro <0.4> | o que collía# recollía o leite || mandábas+lle recado | "mira que teño un fillo malo sen mo podía vir o médico a coller | ou a mira+lo || e deixábas+lle o recado ó médico | e o médico aparecía+che ó mellor despois na casa en bicicleta viña en bicicleta || aparecía+che ó mellor despois na casa hasta: home a veces hasta: a algun# <0.4> | a algunhas familias aparecía+lles ás doce o home andaba toda a noite por aí ||

ENTREVISTADOR: a atender enfermos ||

INFORMANTE: a a a mirar enfermos <0.7> | e tiña que ir ó mellor | claro <0.7> | e viña en bicicleta o home eu acordo <0.5> | e nós iamos a pé || a pé pa pa Tomiño | había tamén un coche de línea pero había un á mañán <0.7> | e outro á noite || subía un á mañá | ás sete da mañán <1.2> | depois <1.1> | baixaba: ás: sete da da noite pa baixo || e non sei se había algún ó ó mediodía | <incomprensible> hasta creo que había outro ó mediodía || era os coches de línea que que había pa: | que ían pa Vigo <0.6> | entón | podías colle+lo a: <1.7> | ha: | hasta onde: quixeras || hasta Tui ou hasta Tomiño <0.8> | pero {<valoración> puf} | a veces non estabas á espera do línea | marchabas a pé e ó carajo ||

ENTREVISTADOR: ó mellor a veces compensaría+vos ir a pé (EXH) ||

INFORMANTE: no | collían | eu cando era pequeno cantas veces fun con miña nai a Tui a Tui a face-la compra || e collía+me "ala vén comigo meu fillo" <incomprensible> | miña nai cunha cesta na cabeza || e levábase ó mellor un par de polos <0.8> | pa vender <0.8> | para face-la compra <1.6> | e:: | e eu ía con ela ||

ENTREVISTADOR: porque claro aquí (INH) <0.4> | ¿había tendas pa comprar así algunha cousa ou tiñades que ir sempre a Tui? ||

INFORMANTE: ó primeiro | había tendas <1.2> | había tendas a: había <0.7> | tendas había había dúas | tres tendas alí || en todo A: | en todo Amorín había tres tendas <2.1> | e: e tiñan pa pa o aceite: || e pa cousas así | outras <0.5> | e pementón tiñan de todo tiñan de todo pero era muito máis barato Tui || entón no# cando había o jueves <0.6> | ías a Tui e facía tamén | vendía un par de polos <0.9> | e facía un: unha compra ||

ENTREVISTADOR: ¿e había fornos nas cas# por aquí nas casas? ||

INFORMANTE: fornos | tamén practicamente | en todas o que non había <0.8> | é lagares | lagares había dous solo | que eu acorde ||

ENTREVISTADOR: ¿aquí en Amorín? ||

INFORMANTE: si | había o: | había TRES había tres había o da: | aquí no barrio da Arrotea <0.6> | no barrio da Arrotea había tres lagares || había un alí o Xeringo <1.3> | aquí os do Zanahoria <0.6> | e alá os: <1.9> | os da: <2.7> | {<cansazo> ah} | o {<cansazo> ah} ||

ENTREVISTADOR: ¿pa onde? | ti di+me aí a casa e xa es[tá] || si ||

INFORMANTE: [o] o do o do o do Ganón <0.8> | o do Celso || antes era | era outro mundo <1.2> | o Celso <1.3> | alí había un lagar desos antigos | un lagar grandísimo ||

ENTREVISTADOR: <0.9>

INFORMANTE: tiña unha pedra grandísima | e andaba arredor a pedra <0.6> | e baixaba por unha chisma e subía || unha prensa e despois a: | a lagareta era de pedra tamén toda | unha lagareta de pedra || e eu acordo {<apelación> eh} esa lagareta acódo+a eu de pequeno que nós vivíamos alí ó lado ||

ENTREVISTADOR: ¿e vós que vos servíades do:s lagares dos [viciños]? ||

INFORMANTE: [si] <0.5> | era había a:s <1.6> | tiñan alí: había de# ca# <0.8> | había días que: <0.7> | que entraba ó mellor salía un || "bueno" | pedía+lle "vou# mira mañá vou a espreme-lo viño" | "bueno vale mañá no porque non | vén outro" || e: esperabas | así <1.0> | e espreme e levabas o bagazo alí e se espreme ||

ENTREVISTADOR: {<dúbida> e::} | ¿e no forno que faciades | que facía# que faciades no forno? ||

INFORMANTE: no forno <1.0> | bolas de pan <1.9> | e uns moletes de pan <1.4> | e cunhas bolas ||

ENTREVISTADOR: ¿de que os faciades? ||

INFORMANTE: de millo <0.8> | de millo e: despois ultimamente xa se facía millo con: <0.8> | con: | con trigo || mezclabas o millo cunha fariña de trigo <0.8> | era máis rico e tal ea# | salían <incomprensible> <0.4> | pero o primeiro era millo solo <0.7> | ías a moer e: ||

ENTREVISTADOR: ¿e: faciades | dulces? | ¿dulces facían+se no for[no]? || (EXH) || (EXH) ||

INFORMANTE: [dul]ces | o único | papas <0.8> | (risas) papas de de fariña milla | era o único dulce ||

ENTREVISTADOR: (EXH) ||

INFORMANTE: e andamos alí e | cando botába+lle un pouquiño de leite collía así unha natiña por riba | cara <0.4> | e aquela natiña collía unha <incomprensible> || e papas de millo | eran os dulces que se facían || e despois <1.0> | {<dúbida> e:} <0.5> | as borrachas de pan despois cando empezou a vir o <0.9> | o pan de trigo || entón si facían+se as <0.4> | as chismas | chamábase+lle borrachas de: <1.8> | {<dúbida> e} dulces de de viño ||

ENTREVISTADOR: {<asentimento> hum}

INFORMANTE: iso facían+se pás navidades solo {<incerto> que} non se o facía pa <0.9> | pa outro día cal{(EXH)quer} | era solo prás navidades || facía::n unhas castañas <0.6> | uns dulces de: <0.4> | de de | de pan con viño | e despois azúcar || e:: | e na# e unhas noces había pero noces <0.4> | xa era raro | {(risas) raros <incomprensible>} castañas | maioritariamente castañas <1.3> | era o que se: usaba ||

ENTREVISTADOR: por navidades || & e::: <0.5> | ¿por aquí cerca celebrábase así algunha feira algún mercado <0.5> | que::: {<dúbida nasal> m:} por [aquí cerca]? ||

INFORMANTE: [<incomprensible>] aquí <1.6> | no | e o e o merca# o mercado eran en Tomiño e en Tui || e a feira era en Tomiño <0.5> | en Tui <0.4> | eu non me acordo feiras en Tui || en Tomiño si | en Tomiño acordo feiras <0.4> | aínda ía moitas veces era un crío <0.6> | e axudar+lle a tanguer-la vaca a miña nai || levába+a meu pai xa ía antes <1.1> | e nós despois | coa vaca ||

ENTREVISTADOR: (EXH) ||

INFORMANTE: e: pa axudar+lle a tanguer <0.6> | ía detrás dela <0.4> | detrás da vaca <1.4> | pá: pá feira || en Tomiño si feira <1.1> | facía+se todo-los meses | unha feira || en Tui | eu acordo: <0.7> | feira | merca# mercadillo si pero feira non ||

ENTREVISTADOR: ¿e que::: <1.2> | que iades vender vós á fe# ao me# ó á feira? ||

INFORMANTE: a vaca ||

ENTREVISTADOR: a vaca ||

INFORMANTE: {<asentimento> hum} a vende-la vaca ||

ENTREVISTADOR: ¿e antes a xente íba moito ás feiras? ||

INFORMANTE: carai | as feiras antes estaban así de xente | ¿e de vacas! ||

ENTREVISTADOR: o parque ||

INFORMANTE: eu acordo aquela feira en Tomiño <0.5> | <incomprensible> o que lle chaman a feira onde están hoxe as <0.9> | o parque aquel aquilo chea de vacas || había vacas por todos lados | cheo de vacas <0.5> | e había xente {<apelación> eh} | viña xente de: <1.0> | de Pontevedra cos cos camiños || traían vacas | e: e compraban e vendían <1.1> | e: feirantes | antes había moitos feirantes || e feirantes aquí había o: <1.2> | había dous <0.7> | dous ou tres feirantes ||

ENTREVISTADOR: ¿aquí na Arrotea ou? ||

INFORMANTE: si | na Arrotea e amais traían+che ó mellor a vaca e <2.0> | e a:lquilában+cha || usaba-la vaca <0.7> | pero as ganancias eran medias <0.6> | se se vendía un touro <0.4> | é á media || e ti levaba-la mitá e eu levaba a mitá <1.0> | o: o leite | era pa ti 0.8> | pero as ganancias da vaca | cando se vendía a vaca | eran pa el toda || el | levaba as ganancias <0.6> | ti o único levabas era un o as crías <1.4> | e o leite <0.6> | cando: cando o leite era pa ti || e a: a o gaño da vaca <0.6> | {<sorpreza> ah} se era | era a vender <0.7> | vendía+se <0.5> | el dába+che un precio cando | cando che daba a vaca || "esta vaca vale tanto" <0.7> | se despois <0.8> | se# co# vendía+la máis pa arriba | as ganancias eran a medias <0.7> | as ganancias da vaca ||

ENTREVISTADOR: ¡amigo! <1.0> | {<dúbida> e:} <1.4> | ¿e cando ti eras así mocete | como vos divertíades? | ¿que facíades pa: <0.9> | pa pasa+lo ben? ||

INFORMANTE: divertir {<valoración> buf} | aí pa: <1.0> | pa arzo# pa | pa unha crucillada ou por aí en sitios || entón xuntábamo+nos rapaces raparigas e beilabas e: <0.9> | e:: | ¿e cantabas! || máis ben era a cantar (risas) | cantar e bailar <0.8> | e:: e pasabas os días | o fin de semana solo || o os outros días non salías | eran o: os domingos | e cando se salía <1.2> | pa: <2.2> | pa | pós cruceiros | pa pás crucilladas || e pó# pós sitios de onde estaba a igrexa <0.7> | e: e así xuntábamo+nos <0.7> | rapaces e raparigas || e alí <0.5> | xogába+se ó: | á pincha ó marro <0.8> | e cantába+se pintába+se todo || facía+se de todo | era a diversión que había tamén | non había outra diversión ||

ENTREVISTADOR: ¿e cando eras así un pouco máis grande? | ¿onde iades? ||

INFORMANTE: cando máis grande | despois xa íamos <0.5> | pa Tui <1.1> | ou a Tomiño | pero máis ben | eu aquí nesta zona máis ben íamos pa Tui || Tui | porque era <0.7> | o pueblo máis grande | Tomiño antes era estaba practicamente morto | no fin de semana non había nadie || entón | íamos pa Tui | pa Tui é onde había cine <0.8> | íamos á tamén había en: Tomiño cine pero <0.9> | Tui era máis máis divertido <0.8> | era | e íamos pa Tui ||

ENTREVISTADOR: movía+se máis xente ||

INFORMANTE: si: e o mai# máis <0.5> | salías había dous ou tres cines había tres <0.6> | salías dun ó mellor ías a mirar | isto xa de: dezanove ou: <0.4> | ou dezaioito anos ||

ENTREVISTADOR: (EXH) ||

INFORMANTE: a# cando tiña {<dúbida> e} antes ¿non? | {<incerto> o sea alí} <0.6> | hasta despois dos quince <1.3> | despois dos quince | aí vai ||

ENTREVISTADOR: uí | non | non pasa nada ||

INFORMANTE: & despois dos quince era cando empezabas a: | a salir algo pero antes nada | antes non salías {<incerto> nin de rir} ||

ENTREVISTADOR: (EXH) || ¿e ti fuches á mili? ||

INFORMANTE: eu fun ||

ENTREVISTADOR: [e:] ||

INFORMANTE: [era] pa non ir pero despois fun <0.6> | era estaba <0.5> | cando estuven en Alemania <0.5> | pedira: <0.4> | a a excedencia || pero despois cun o: | cabreei+me e vin pa acá <0.7> | agarrei e e e limitei a excedencia e fun á mili ||

ENTREVISTADOR: ¿e como foi a túa experiencia na mili? || (risas) ||

INFORMANTE: na mili | pois | bueno | unha experiencia pa min <2.4> | nin nin me vou nin me veño (risas) | o sea que (risas) || era unha experiencia era | era un un <0.5> | digo <0.6> | cortában+che a vida practicamente porque cando eu fun <0.4> | xa case tiña vinte e dous anos || e cando vin | case vinte e catro <0.6> | o sea que cortában+che a vida <1.0> | cortábanche a vida de carajo || cando empezabas a: mover+te e a: ganar un ano duro e tal | {<onomatopea> pum} á mili <0.9> | chegabas á mili | o único que facías é gastar diñeiro ||

ENTREVISTADOR: (EXH) ||

INFORMANTE: se o tiñas se non o tiñas pois | algúns quedaban alí todo o día <1.0> | {<incerto> tiñan+se alí} eu aínda | como trouxera algo de Alemania || aínda ía por alí | aínda íamos a: a divertir+nos un pouco por alí | naqueles: | zona de onde estaba en Figueirido || e despois en Santiago | tamén <0.4> | alí si | salíamos co: | por Santiago adiante || pero: a mili cort# córt+che a vida curta# ou cortaba a vida porque era cando empezaba xa a ganar algo e tal e {<onomatopea> pumba} || o# ti | despois os vinte e dous anos tiñas que volver a empezar outra vez ||

ENTREVISTADOR: ¿porque canto tempo botabades na mili daquela? ||

INFORMANTE: eu botei <1.6> | quince meses ||

ENTREVISTADOR: un ano e pico ||

INFORMANTE: é (EXH) ||

ENTREVISTADOR: {<dúbida nasal> e:m} | ¿cando: tiñades que ir a unha festa <0.8> | como faciades pa ir | como iades á festa? ||

INFORMANTE: á festa xuntábamnos dous ou tres <1.2> | e: a ver | había uns coches de alquiler | e chamábamnos un coche de alquiler | íamos tres ou catro | a veces hasta sete || metíamo+nos dentro do <1.0> | do cacharro e pa: unha festa ou pa Tui <0.9> | era a# <0.9> | era no que íamos ||

ENTREVISTADOR: ¿e a pé non iades? ||

INFORMANTE: a pé | a a Tui si algunhas veces fumos pero poucas veces || normalmente | nós a: Tui poucas veces íamos <1.0> | a pé | xa | de rapazotes {<apelación> eh} xa de: de dezoito vinte anos e vinte e catro || xa íamos e: alquilábamnos un: <0.6> | xa traballaba tamén | xa ía traballar pa Vigo <1.0> | xa ganabas un {<incerto> durito} || entón os fines de semana pois alquilábamnos un coche entre cinco ou seis | e íamos todos dentro dun coche | e despois chegábamnos alá "bueno a tal hora vén+nos a buscar" || e víña+nos a buscar ó mellor á: <0.5> | á unha ou as dúas da mañán | que | era | hasta as dúas da mañá | e a partir das dúas da mañá non había xa unha alma pa casa ||

ENTREVISTADOR: (risas) ||

INFORMANTE: e que non te pillara por medio a guarcia civil á unha da mañán a facer alg# un pouco de escándalo que vinías quente pá casa (risas) ||

ENTREVISTADOR: (INH) ¿e que se facía# que se facía nas festas daquela? ¿como eran as festas daquela? ||

INFORMANTE: as festas eran <0.5> | practicamente | como agora <2.0> | bailába+se <1.8> | e víñan o que eran é bandas de música ||

ENTREVISTADOR: non había tanta or[questra:] ||

INFORMANTE: [non] | non había orquestas | eu orquesta: <0.9> | bueno despois de: <0.8> | de vinte anos ou vinte e cinco xa | Iberia || ha# aca# había unha orquesta en Tui <0.7> | que era a que funcionaba por aquí moito <1.4> | pero normalmente as festas era todo a banda de música <0.6> | todo a base de banda de música ||

ENTREVISTADOR: (risas) ||

INFORMANTE: e bailaban alí os vellos que rabeaban | e a baila-la {(risas) jota} || e acórda+me un | "O Xabelón" (risas) | daba así uns toques pa atrás | a baila-la jota e viu a muller | enganchou+se+lle na perna {<onomatopea> cataplum} (risas) ||

ENTREVISTADOR: (INH) ¡mandou+na po-lo aire! (risas) || (risas) ||

INFORMANTE: {(risas) cando | caíu a muller de patas pa arriba} (risas) <3.2> | mandaba unha# unhas patadas pa atrás e <incomprensible> || e bailaba <0.4> | bailaban | xuntában+se catro ou cinco a baila-la jota | <1.3> e mui ben ||

ENTREVISTADOR: ¿e aquí en Amorín | que festas eran as que se facían? ||

INFORMANTE: facía+se | San Juan <1.8> | e a Agonía | e El Pilar <0.9> | facían+se tres festas || pero eran: <0.6> | por exemplo San Juan era | de gaiteiros | os gaiteiros <0.6> | e: e Pilar tamén os gaiteiros || o sea el Pilar cando eu: | bueno xa antes de <2.5> | hasta os: <0.5> | dez ou doce anos || facían+as a | o mentres estivo aquí a Guardia Civil | facía+a a Guardia Civil a el Pilar ||

ENTREVISTADOR: ¿os carabineros que había aquí? @@

INFORMANTE: é <0.7> | cando estaba o cuartel {<apelación> ¿eh?} <1.1> | entón facían o o | os carabineros facían el Pilar ||

ENTREVISTADOR: <0.9>

INFORMANTE: e despois facían San Juan <1.2> | San Juan {<dúbida> e:} | pedía+se pa San Juan <0.4> | pa San Juan viño <0.9> | patatas || pa Agonía patatas <0.9> | e millo <1.2> | e para San Juan viño <1.0> | pedías ||e despois-e | xuntába+se todo nun | nun barril e vendía+se | pa face-la festa || San Juan | San Juan pedía+se o viño <0.9> | e pa Agonía <0.5> | patatas e milo ||

ENTREVISTADOR: ¿e con iso pagaban os gaiteiros? || [po] ||

INFORMANTE: bueno [e des]pois pedían tamén po-la: | po-la parroquia | despois ían a pedir po-la cando a festa da Agonía e pedían po-la parroquia || e:: San Juan non | San Juan facía o: {<incerto> mallardón} <1.7> | fu# | e bo# | facía o viño <0.8> | collía o viño | tiña que ir pedi-lo viño || e despois vendía+se e daquel diñeiro pois <0.4> | facía+se uns gaiteiros | tocaban con gaiteiros con gaiteiros ||

ENTREVISTADOR: ¿e a Agonía que era máis especial que as ou[tras]? ||

INFORMANTE: [si] a Agonía si | a Agonía bastante máis especial ||

ENTREVISTADOR: ¿que faciades? | ¿que se facía? ||

INFORMANTE: á Agonía xa: viñan bandas de música <1.3> | xa non era o: <1.5> | o que era:: San Juan nin: || amais | normalmente sempre eu acordo sempre facer+lle dous días | facías as vísperas <0.4> | e o día || e viñan | dúas bandas de música pa o día <0.6> | e dúas | pás vísperas || pero era todo: o primeiro despois empezaron a vir as orquestas xa: | {<valoración> bu} ||

ENTREVISTADOR: ¿e cando:? | ¿a Agonía que ten de especial <0.7> | das outras | diferente? ||

INFORMANTE: a Agonía era máis {<dúbida> e:} <1.6> | non sei como che voui a decir <0.6> | máis sonada <1.0> | sonába+se máis a virgen | viñan moitas promesas || viña xente con velas <1.1> | {<dúbida> e} todo amortalladas <1.1> | e era: moito así era unha a Agonía disque era a milagreira || non sei <1.0> | a milagreira do: <0.6> | do que sea a xente que se prometía ||

ENTREVISTADOR: claro <0.9> | ¿e cando empezou a cholla das carrozas? que eu <0.5> | [eras] | xa eras ti mai# maior ||

INFORMANTE: [o das] carrozas <1.2> | si eu tería por aí (EXH) <1.7> | sobre vinte: e tres ou vinte# ou || foi despois de vir a:: | da mili <1.1> | sobre os | o vinte e catro tería por aí <0.9> | vinte e tres ou vinte e catro anos

|| e foi cando se empezaron a facer as carrozas <1.4> | e primeiro <1.6> | nombraron a: | nombrába+se a reina de festas || e traíana | prim# os primeiros anos nun ano <0.5> | truxéro+nas en | nun patrol <0.6> | [que tiñan] ||

ENTREVISTADOR: [¿nun?] || [¿<recordo> ah?] ||

INFORMANTE: nun patrol <0.7> | nun {<dúbida> e;} <0.4> | nun todoterreno <1.3> | nun todoterreno || despois | ó ano seguinte <2.2> | {<apelación> eh} fi# <1.3> | fixeron <0.6> | un carro de cabalos | viñeron nun carro de cabalos || e despois dese carro de cabalos foi cando se fixo a primeira carroza <0.8> | que solo era | carroza da reina || e despois entón se empezou a facer outra carroza con outras cousas | e así <0.5> | hasta: a veces || hasta chegou# chegara de vir unha carroza de Carregal tamén <0.4> | de Carregal viña unha || pero: houbo anos moi bos de carrozas {<apelación> ¿eh?} <0.4> | ía+se carrozas <0.5> | ata: catro ou cinco carrozas | había || <incomprensible> pero traballabas moito | iba# | os rapaces <0.6> | a partir de: do mes de julio || xa eran dous meses que había que empezar a face-las carrozas xa <0.7> | no mes de julio había que empezar a facer carrozas ||

ENTREVISTADOR: ¿e como era o proceso? | ¿ti participaches así de [facer algunha]? ||

INFORMANTE: [eu] | eu muito <0.6> | participei hasta: <1.4> | hasta despois de casar+me aínda participei <0.5> | aínda ía a facer a axudar a face+las || {<apelación> chist} pero <0.8> | eu na primeira carroza | participei tamén <0.5> | que a fixeron <0.8> | na casa do Redondo ||

ENTREVISTADOR: ¿pa onde? | ¿pa onde é iso? ||

INFORMANTE: en en | en en | no Outeiro <1.0> | e salía a primeira carroza e fíxo+se alí || despois empezou+se a facer na casa do Sousa tamén <2.2> | despois se fíxo# empezou+se a facer a outra aquí na Arrotea || o sea | despois xa se fixeron | unhas poucas de carroza <1.0> | pero a primeira fíxo+se na: || na:: alí na | no Paco do Calavera <0.7> | no# na casa dos Redondos <1.1> | alí foi onde se fixo a primeira carroza ||

ENTREVISTADOR: ¿e como era o proceso? | ¿como é montar unha carroza? | ¿como era daquela montar unha carro[za]? || (EXH) ||

INFORMANTE: [a] carroza | pois <0.6> | ideas <1.2> | tiña unha idea "bueno vamos facer isto" || "a reina que ten:" | normalmente a reina <0.5> | sempre era <1.0> | porque espe# específica || sempre tiña | había que facer un altar hacia arriba para ter os | pa levar as damas de honor e a reina || entón había que facer como un altar <0.4> | anos levaban rapaces | ou anos que levaban rapazes <0.7> | levaban rapaces pequenos || ían vestido de gallego <1.1> | así e:: | e despois-e || {<recordo> a:h} <0.5> | outras carrozas e# xa | collías outro diseño || enseñaba había algún | alá <incomprensible> | chegaba alí "bueno vamos facer isto | isto" | xuntában+se estes rapaces xuntábamo+nos todos || "e a ver que vamos a facer" | "bueno pois vamos a facer isto isto" | xuntábamo+nos alí na carroza e veña a estudar | (risas) ||

ENTREVISTADOR: (risas) | a maneira de face+lo ||

INFORMANTE: a maneira de face+lo ||

ENTREVISTADOR: ¿e ti acórdas+te así algu# dalgúnha especial que che gustase muito? ||

INFORMANTE: a da Paloma ||

ENTREVISTADOR: ¿e esa como a fixestes? ||

INFORMANTE: esa | fi# fixéro+na no Outeiro || esa houbo: a# con cañas <0.7> | fíxo+se primeiro fíxo# | despois | cubriu+se de || pero primeiro era | de caña <0.7> | de cañas todas abertas | muita caña abriu+se alí (risas) ||

ENTREVISTADOR: (EXH) ||

INFORMANTE: veña uns a abrir cañas as mulleres tamén viñan pa alí a abrir cañas <0.5> | e outros a atenzana+las con || cun alambre | alambre fino ía+se tranzando alí as <0.7> | as cañas todas xuntas e quedou | perfecta ||

ENTREVISTADOR: (EXH) ||

INFORMANTE: unha paloma | que aquilo a xente a# alucinaba mirar unha paloma daquela maneira ||

ENTREVISTADOR: ¿de que tamaño era a paloma? ||

INFORMANTE: ¿era grandísima! | tamaño de cinco metros | por aí | de altura ||

ENTREVISTADOR: mimá chaval ||

INFORMANTE: era unha:: unha paloma xa# | chula || (risas) ||

ENTREVISTADOR: érades uns artistas | (risas) ||

{<dúbida> e::} <0.5> | ¿daquela <0.6> | como era a relación entre: os mozos e as mozas? ||

ENTREVISTADOR: ¿cuando querías coñecer a unha moza <0.6> | como se facía pa coñecer a unha moza? ||

INFORMANTE: ía alí facendo a rosca (risas) <1.5> | ías <0.5> | arrimándote a ela e fadéndolle a rosca (risas) || pa conquista+la (risas) <0.4> | sempre que ela te | te gu# | te <incomprensible> | normalmente xa sabías máis ou menos que ela | gustaba de ti || entón | ía+te acercando a ela <0.8> | era o que se facía <1.2> | ou a bailar | cha# sacába+la a bailar {<asentimento> hum } || ibas a bailar veña a saca+la a bailar | ías pa outra a saca+la a bailar | {<recordo> ah} || a outra dába+che calabazas | (risas) e agora | "non quero agora" (risas) ||

ENTREVISTADOR: (risas) || ¿entón que? | ¿conocía# vós conociades conociades+vos principalmente así no baile e así ¿no? | e nas festas ||

INFORMANTE: s:i <0.4> | nas festas e nos bailes | bueno as aquí da: do meu pueblo <0.7> | xa conociamos desde pequerrechos || pero <0.6> | as de fóra ó mellor ías a festas ata <incomprensible> ou tal | se <incomprensible> | había rapaciñas || pero normalmente <0.5> | sempre ibas ás rapazas que coñecías máis ou menos <0.5> | para chama+las a bailar ||

ENTREVISTADOR: {<dúbida nasal> e:m::} así nas festas o: ¿celebrába+se aquí o magosto? ¿facía+se entruido? ||

INFORMANTE: entruido | tamén se facía <0.4> | eu vestía de intruido eu solo me vestía unha vez ||

ENTREVISTADOR: ¿solo te vestiches [unha vez de entruido]? ||

INFORMANTE: [solo] | eu non me gustaba muito a:: | o vestir+me de intruido <1.2> | había xente que si que se vestía e ían po-las casas || eu o único que participei é en reyes | reyes si <0.5> | reyes fun a cantar reyes || {<apelación> ¿eh?} ||

ENTREVISTADOR: ¿e como | como era iso? | ¿que eu iso non o vivín | {<apelación> eh} <0.6> | ¿iso como era? que eu iso nunca o vivín || [¿e com#?] ||

INFORMANTE: ¡ía+se a cantar po-las casas! <1.0> | [xuntá]bamos <1.2> | {<dúbida> e::} <0.4> | dez ou doce rapaces e raparigas || {<dúbida> e::} o caseiro| aí onde a casa do Romarilla || depois {<dúbida> e::} | xa# | íamos alí de noite e nos enseñaba a cantar ||

ENTREVISTADOR: (risas) ||

INFORMANTE: "veña cantar isto <1.1> | cantar ós reyes" <0.4> | eu | xa non me acordo muito como era || pero: <0.7> | e íamos {<dúbida> e} depois <0.5> | íamos po-las casas <0.4> | dában+che unha unha perra | dúas | ou un real || e xuntabas ó mellor pa: <1.0> | pa unhas poucas de pesetas cada un <0.8> | facías <0.7> | e chegamos a ir hasta Forcadela ||

ENTREVISTADOR: ¿ata Forcadela? ||

INFORMANTE: é: | chegamos a ir a cantar a Forcadela <1.2> | un ano || depois xa: empezou xa: {<recordo> ah} | foi cando marchei pa Alemania <0.9> | e {<incerto> acabei} || pero de rapaz de rapaz fai: <0.6> | catorce ou quince anos ía <0.4> | saía ía a Carmen | <incomprensible> || a Fina <2.3> | a Mercedes <0.4> | a Lía <2.6> | o: Henrique || eu <1.4> | o Pedro Zanahoria <1.2> | íamos un# entre: mais ou menos <0.4> | a mitá e mitá || raparigas e mitá rapaces <2.4> | e {<sorpresa> ah} <0.4> | e veña a cantar reyes (risas) ||

ENTREVISTADOR: pois eso xa non se fai {<apelación> ¿eh?} ||

INFORMANTE: no ||

ENTREVISTADOR: {<dúbida> e::} | ¿e magosto facía+se? ||

INFORMANTE: magosto | {<valoración> pf} solo: | eu acordo facer magostos en: {<dúbida> e} | en {<dúbida> e::} | ¿en Santos! || cando era: | cando era: <1.2> | os santos a:s <1.4> | {<apelación> chist} <0.7> | a visita dos cemeterios ||

ENTREVISTADOR: {<asentimento> hum}

INFORMANTE: cando se ía visitar os cementerios <0.6> | a mellor botabas alí toda a noite <0.6> | había: || eu acordo <0.9> | de rapazote <0.5> | ía+se pa alí pó cementerio e botába+se toda a noite | viña xente toda a noite | a visitar o cementerio || entón facía+se un magosto alí grande <0.5> | e veña comía+se castañas e ía+se a buscar viño e traían viño || e veña a comer castañas<0.4> | e e estabas alí en cementerio ||: [{<apelación> ¿eh?}] ||

ENTREVISTADOR: ostrás ¿porque íades de noite antes ó dos [Santos]? <0.4> | ¿antes íades de noite pó cementerio en Santos? ||

INFORMANTE: no:: | no en día de tódolos santos ||

ENTREVISTADOR: ¿en defu#? ¿en:: en víspera ou:? ||

INFORMANTE: no: ía o día o: o día | ¿en vísperas! | en vísperas de tódolos santos || a:migo || era en vísperas de tódolos santos | ía+se e ía+se toda a noite ||

ENTREVISTADOR: ostrás pois eu non sabía ||

INFORMANTE: é: <0.5> | taba e toda a noite viña a xente <1.0> | vías ó mellor viña: | ías pa alí toda a tarde || había de tódolo: vísperas de tódolos santos <1.0> | ías pa alí toda a tarde <0.8> | tabas alí ||

ENTREVISTADOR: [(EXH)] ||

INFORMANTE: uns viñan a cenar <0.6> | acabas de cenar e marchabas outra vez [pa alí] <0.8> | é: <0.4> | entón facías | o magosto || e veña todo o mundo a comer castañas | xuntában+se: | facía+se un escote <0.6> | pero xa de rapazotes {<apelación> ¿eh?} || eu acordo de rapazotes <0.4> | xa: <1.5> | xa tiña: <0.6> | non sei <1.6> | dezaioito ou: dezasete por aí || e: xa traballaba en Vigo <1.0> | e ía+se pa alí e: veña <1.0> | a: comer castañas e a beber viño || e botabas alí | toda a noite a# con# a contar chistes | contabas contabas chistes || e pasába+se ben "bueno" | contabas alí de marabilla a contar chistes | (risas) || e nos <0.7> | e e cando era: | os entie# o: <1.4> | os falecimentos <0.7> | aquilo era un:ha festa ||

ENTREVISTADOR: a ver conta+me ||

INFORMANTE: nos falecimentos cando facía# facía o: facía facía face# falecía unha persona <1.2> | pois {<dúbida> e;} viñan tódolos veciños || de noite | a facer+lle o velatorio <0.5> | facía+se nas casas o velatorio || e o velatorio xa era <0.5> | despois se chegaba a mellor ás once o:u ás doce da noite e veña empezaban a repartir café | galletas || e veña estabas alí <0.6> | e veña a botar chistes e: tal o o: velatorio {(risas) era} era fantástico ||

ENTREVISTADOR: <golpe de caída> {<sorpresa> ui} ||

INFORMANTE: contában+che chistes de cando andaban <0.5> | no: no contrabando <1.0> | contaban chistes alí había a xente maior toda || daquela | contaban que ían ó contrabando e contában+che chistes do que lle pasara no contrabando || pasába+lle: calquer cousa | de noite <0.4> | ían de noite pasar o contrabando || claro de noite asustában+se uns ós outros {(risas) <incomprensible>} (risas) | via# | antes eran un camiños | estreitiños || e eran todo escuro | non había unha puta luz <0.8> | entón me cago en dios mirabas calquer movemento | (risas) ||

ENTREVISTADOR: [xa te cagabas enriba] | (risas) | (risas) ||

INFORMANTE: xa te asustabas | [(risas)] | (risas) ||

ENTREVISTADOR: (INH) ¿e as vodas? <0.4> | ¿como eran as bodas [cando:]? ||

INFORMANTE: as vo# as vodas eran na casa tamén <0.7> | facían+se na casa || acódo+me a voda de miña irmán na casa <1.0> | e todas as vodas facían+se na casa || e traía: <1.4> | matába+se un carneiro ou dous <0.6> | comprába+se algún || e despois | carne <0.7> | e polo <1.3> | era o que se servía nas vodas || [e::] || [e ros]ca <1.1> | eu era pequerricho <1.0> | (risas) || na: <1.1> | na vo# na voda da <0.8> | da miña prima | a a Maruja <0.8> | a que taba casada en Taborda ||

ENTREVISTADOR: {<asentimento> hum} ||

INFORMANTE: esa viña <1.0> | viña o:: o panadeiro <1.1> | a trae# traía as roscas | e viña nun carro de cabalos || e no# eu mai-lo | o Jesús | o Jabois <1.6> | e viñamos miramos e vi-lo carro do cabalo "aí vén o carro do cabalo | está" || e agarrámo+nos por# fomos por atrás e colgámo+nos no carro e viñamos colgado no carro || e o Jesús | mirou | abriu a chisma | mirou a rosca | botou+lle a man | {<onomatopea> ra} || rapizou+lle a rosca (risas) | rapizoulle un <incomprensible> | cando chegou o home | e mirou a rosca <incomprensible> || "mira

que me joderon a rosca | ai dios mío quen sería" | e o Je# <0.5> | o Jesús <0.4> | rapizou+lle {(risas) comendo a rosca} (risas) ||

ENTREVISTADOR: ¿e no tempo dos teus pais? ¿sabes como eran? | ¿contáron+cho algunha vez? ||

INFORMANTE: {<valoración> buf} <0.5> | nos tempos do meu pai xa eran máis: <1.9> | non sei {<dúbida> e::} || eles contaban algo: <1.2> | algo da: <1.1> | pero xa non | non salían o mesmo que salimos nós || nós xa: <0.6> | con catorce quince anos empezamos a salir | a ir a Tui ou tal || e eles no | toda a vida: <0.5> | na casa <0.9> | e a única diversión que tiñan | ou contaba mamá <0.5> | era aí | na do Ramonillo || que era onde aí a: tienda <1.4> | e viñan porque viñan o:s pais viñan a toma-lo viño || "eu vou tomar o" decía+lle á muller a muller na casa sempre <0.9> | e decía+lle á muller "mira vou tomar alí un viño á do Ramonillo" || e entón | a muller decía+lle {<incerto> agora} "pois {<incerto> leva} os rapaces" | e alá viña cos rapaces e entón xuntábamo+nos aí un [o:] ||

ENTREVISTADOR: ¿aí no eido do Ramonillo? | (EXH) || {<recordo> aí} na tenda ||

INFORMANTE: si: <0.4> | no eido no na | na na | ¡na plazoleta! | era <0.5> | naquel cruce" xuntába+se alí un feixe de rapaces | todo# todas a muller agarraban e mandában+llo "{<sorpresa> ah} ¿vas a tomar o viño? | bueno pois leva o rapaz" || e alá viña co rapaz (risas) <1.1> | era a única diversión que facían <1.0> | {<valoración> aí} || e: despois {<dúbida> e} <0.4> | de mozos <1.6> | pouco tamén | andaban po-las mozas por aí pero || ían a pé | <incomprensible> | e agora tamén ir ás festas a pé muito <0.9> | íamos todos xuntos rapaces e raparigas || íamos a cantar por alí todos xuntos | hasta Taborda | así por Taborda Piñeiro ||

ENTREVISTADOR: por esta zona de aquí: ||

INFORMANTE: por esta <0.6> | esta arredor a <0.4> | a Sobrada | <1.1> Currás | iso ía+se todo a pé || e xuntában+se rapaces e raparigas <0.5> | "veña todos a ver por aí <0.7> | e ala pa alá" || e despois xuntábamo+nos alá tamén xuntos "bueno | marchamos | veña todos pa casa" <0.9> | e viñamos todos pá casa | cantar por aí (risas) ||

ENTREVISTADOR: que o pasabas ¿mellor po-lo camiño ou na festa? || ¡po-lo camiño! (risas) | é onde se pasaba ben (risas) || (risas) | (risas) || {<dúbida> e::} <1.8> | ¿ti que recuerdos tes de cuando eras pequeno?: a vida en familia ||

INFORMANTE: bueno <0.6> | acórdo+me: <<1.8> | ben <1.0> | era o que había || todo o mundo era igual | practicamente | que non había outra cousa maio <0.9> | entón {<dúbida> e} || si | dentro da familia pois-e <2.3> | carecía+se de moitas cousas pero <0.8> | bueno fame non pasabas || é o principal | había pan <1.2> | sempre había un::ha codia no forno <0.8> | pa rillar || aos rapaces cando non había <0.6> | pero o pan cocía+se todo: <1.1> | cada quince días ou así xa se cocía || e:: <0.7> | e se fan en sopas ou | agora <0.9> | carecía+se de moitas cousas <1.0> | non é como agora ||

ENTREVISTADOR: ¿cambiou muito agora a vida? ||

INFORMANTE: bueno: <0.5> | cen por cen <0.6> | CEN | no o vin# | o o douscentos por cen ou trescentos || e antes <0.5> | nin había chocolate nin o chocolate mirába+lo alá por unha estrela || e cando che daban o chocolate <0.5> | metía+lo no pan <0.7> | e ías unha# era xa pan <0.7> | pan de trigo || cando había miña nai <0.6> | aí po# tería eu xa: oito anos ou nove e a veces collían o pan de trigo || entón ala | dába+che una onciña de chocolate <0.6> | e íba+lle dando pa atrás | e ía+se probando sempre o chocolate (risas) || e hasta que chegara o | o outro {(risas) trozo} | que era unha onza así <0.6> | e metía+che alí no pan "ala | o bocadillo" ||

ENTREVISTADOR: (INH) ||

INFORMANTE: <1.1>

ENTREVISTADOR: ¡pa non come+la rápido! ||

INFORMANTE: entón ías | rillando e dando+lle á onza pa atrás | &pa non come+la rá# (risas) ||

e despois comía-lo pan sa# | solo <0.4> | entón ía+che deixando a substancia do chocolate (risas) ||

ENTREVISTADOR: bueno <1.5> | pois: <1.0> | ¡con isto acabamos! | {<dúbida> e::} | home eu agradézo+che muito o tempo que lle dedicaches a isto || e todo o que contaches é moi interesante | e vai ser de muita utilidá <0.5> | pa: saber máis da vida: | antes nas aldeas ||

INFORMANTE: vale | pois ||